

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezasete de xuño de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 12 de xuño de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “TERRAS DE CAMBA II”

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 8 de maio do corrente, aprobáronse as bases do proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba II*”.

2º.- O proceso selectivo desenvolveuse entre a data anterior e o día 12 de xuño do corrente, data na que as Comisións de selección efectuaron as propostas de contratación dos/as candidatos/as aos diversos postos convocados que acadaron as maiores puntuacións.

3º.- A Xunta de Goberno Local, por acordo adoptado en sesión da mesma data 12 de xuño de 2026, acordou a contratación dos/as candidatos/as propostos/as, agás o do posto de traballo de docente na especialidade de forestal que quedou vacante por renuncia do único candidato admitido ao proceso selectivo.

4º.- Tendo en conta que a data prevista de inicio do obradoiro estaba fixada para o día 16 de xuño do corrente, e ao obxecto de non inicialo sen dispoñer do docente dunha das dúas especialidades, o Concello dirixiuse á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (RS núm. 209, do 11/06/26) para solicitar unha prórroga na data de inicio do obradoiro, polo motivo especificado non imputable en ningún caso ao Concello. A Consellería, malia o xustificado, non foi quen de nin sequera responder á solicitude formulada.

5º.- Ante a inexplicable pasividade da administración autonómica na atención, ou canto menos resposta, á solicitude municipal, o Concello veuse compelido a dar inicio ao obradoiro o día 16 de xuño a pesares de non dispoñer do docente para unha das especialidades, ante o risco de perder o financiamento para o proxecto.

6º.- Loxicamente, o Concello procedeu de inmediato a solicitar do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) unha ampliación da sondaxe para acadar novos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado e aínda vacante.

7º.- Tendo en conta o inicio efectivo do obradoiro sen a presenza dun dos docentes, o interese público consistente no normal funcionamento do mesmo e a formación axeitada dos/as alumnos/as-traballadores/as, aconsella simplificar as bases inicialmente aprobadas para, sen prexuízo do respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, conseguir axilizar ao máximo o novo proceso selectivo e que o/a traballador/a a seleccionar poida iniciar no menor tempo posible a prestar o seu servizo no obradoiro.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Aprobar a modificación parcial das bases do proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba II*”, aprobadas por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 8 de maio do corrente, nos seguintes extremos, manténdose a súa integridade en todo o non modificado:

- ✓ A duración do contrato do docente en forestal será dende o día da súa contratación e alta na Seguridade Social ata o día 15 de marzo de 2027 (*Base terceira*).
- ✓ Redúcese a dous (2) días naturais o prazo de difusión da oferta de emprego no Portal de Emprego de Galicia (*Base quinta, apartado 1*).
- ✓ Redúcese a tres (3) o número máximo de candidatos por posto a remitir polo SPEG (*Base quinta, apartado 3 b*).
- ✓ Redúcese a dous (2) días naturais o prazo de presentación das solicitudes e documentación (*Base quinta, apartado 4, e Base oitava*).
- ✓ Suprímese a fase de entrevista persoal, polo que o sistema de selección consistirá unicamente nunha única fase de valoración de méritos en base aos Baremos. En consecuencia, a puntuación total máxima do proceso selectivo queda fixada en dez (10) puntos (*Bases sétima, novena e concordantes*).

3.- ACORDO DE EXTINCIÓN DE CONTRATO DE TRABALLO DE TRABALLADORA LABORAL FIXA DO CONCELLO

ANTECEDENTES

1º.- Dona Elsa González Gallego, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Negrelos, parroquia de Negrelos, ostenta a condición de persoal laboral fixo do Concello, formando parte do seu cadro de persoal e desempeñando o posto de traballo de auxiliar do Servizo municipal de axuda

no fogar (SAF). A súa contratación laboral fixa foi autorizada por acordo deste órgano adoptado en data 23 de decembro de 2024 e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 252, correspondente ao día 30 de decembro de 2024.

2º.- A Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) trasladou ao Concello a súa resolución, de data 13 de maio de 2026, pola que recoñece á traballadora unha incapacidade permanente no grao de total, con efectos económicos do día 6 de maio do corrente. Dita resolución ten carácter de definitiva por canto *“non se prevé que a situación de incapacidade vaia a ser obxecto de revisión por melloría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos”*.

3º.- Tendo en conta que a declaración de incapacidade é causa de extinción do contrato de traballo segundo a normativa laboral de aplicación, concedeuse á traballadora un prazo de dez días para manifestar por escrito á empresa a súa vontade de manter a súa relación laboral (RS núm. 351, do 15/05/26).

4º.- A traballadora presenta escrito en data 23 de maio do corrente (RE núm. 663) no que, por unha banda solicita manter a súa relación laboral, mentres que ao mesmo tempo solicita o abono da liquidación do seu contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 49.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET) establece como causa de extinción do contrato de traballo a seguinte: *“n) Por declaración de gran incapacidade, incapacidade permanente absoluta ou total da persoa traballadora (...)”*. Dita causa legal condiciónase a acreditar a inexistencia de dúas circunstancias: cando non sexa posible realizar os axustes razoables no seu posto de traballo e cando non exista un posto de traballo vacante e dispoñible, acorde co perfil profesional e coa nova situación da persoa traballadora. Analízanse deseguido o cumprimento de ditas circunstancias.

Segundo.- Imposibilidade de realizar os axustes necesarios no posto de traballo: a incapacidade permanente total apreciada polo INSS é para a súa *“profesión habitual”*, é dicir a de auxiliar do SAF, e así foi acreditada polo organismo médico de cualificación. Esta declaración inhabilita á traballadora

“para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión” (artigo 194.4 da Lei Xeral da Seguridade Social). Dificilmente pódese adaptar o seu posto de traballo en canto as súas funcións están definidas taxativamente na lexislación autonómica (artigo 4 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar – DOG núm. 22, do 02/02/09) e no Regulamento municipal do Servizo (artigo 6 do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Rodeiro – BOP núm. 36, do 23/02/10). Privar aos/ás usuarios/as dependentes da realización por parte da auxiliar do SAF das *“fundamentais”* tarefas prescritas no seu Programa Individual de Atención (PIA), por mor da adaptación do posto de traballo ás necesidades do persoal adscrito ao seu domicilio, podería baleirar o seu dereito a gozar da prestación do servizo aprobado ao abeiro da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. Por outra banda, ao ser o lugar de traballo da auxiliar o *“fogar”* ou domicilio dos/as usuarios/as non resulta posible que as funcións que constitúen o obxecto do posto de traballo poidan ser realizadas noutras dependencias municipais.

Terceiro.- Inexistencia dun posto de traballo vacante e dispoñible, acorde co perfil profesional e coa nova situación da persoa traballadora: O cadro de persoal do Concello en vigor non dispoñe de posto algún vacante e dispoñible que cumpra esas circunstancias, nin a traballadora no seu escrito solicita algún específico que considere compatible.

Cuarto.- O escrito de alegacións presentado pola traballadora incorre en incongruencia ao solicitar ao mesmo tempo o mantemento da relación laboral e o abono da liquidación do seu contrato. Asemade, non existe dúbida legal algunha de que a quen compete declarar a extinción da relación laboral é a empresa (neste caso ao Concello) e non ao INSS. Así o dispón o artigo 49.1 n) do ET cando literalmente establece: *“(...) a empresa disporá do mesmo prazo para proceder a extinción do contrato”*.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Proceder á extinción do contrato de traballo subscrito coa traballadora Dona Elsa González Gallego, con DNI núm. [REDACTED], con data de efectos do día 6 de maio de 2026.

Segundo.- Ordenar o abono da liquidación que lle corresponda en concepto de vacacións non gozadas e calquera outra retribución que procedera.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á traballadora e comunicalo á Tesourería Xeral da Seguridade Social aos efectos procedentes.

4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 1.060,14 €
Por licenza anual de antivirus para equipos municipais e almacenamento na nube, s/factura núm. 26100.
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.980,87 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de maio de 2026, s/factura núm. A/86 (FACe).
- TQ TECNOL S.A.U. 422,29 €
Por subministro de espellos para infraestrutura viaria municipal, s/factura núm. FV2606789 (FACe).
- TQ TECNOL S.A.U. 3.350,07 €
Por subministro de produtos para impermeabilización da piscina municipal, s/factura núm. FV2606818 (FACe).
- ODAIKO KREA S.L. 1.452,00 €
Por instalación de herba artificial e escenario para o Entroido 2026, s/factura núm. 2026/69 (FACe).

- ALBARDUXE S.C. 49,91 €
Por subministro de viño mención para o obradoiro sensorial e cata de viños da iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. FV/80.
- MERCAHILBE S.L. 100,00 €
Por canxe de vale de premiada no “*III concurso de decoración de Nadal Rodeiro é ilusión*”, s/factura núm. 03000001.
- IRMA LÓPEZ LOSADA 34,08 €
Por subministro de material farmacéutico para o botiquín da piscina municipal, s/factura núm. 0-0000069/1.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)